



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A

RETIRADA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO EUROPEO DE PESCA

O Parlamento Europeo aprobou no pasado mes de febreiro a modificación do Regulamento de Control da Unión Europea (CE) 1224/2009 con respecto á frota artesanal. Isto supón o establecemento dun réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da Política Pesqueira Común (PPC) que causarán graves prexuízos para os intereses da frota de pesca artesanal galega dado que:

1.- Non se modificou a definición de pesca artesanal, tal e como fora solicitado desde o propio sector, e continúa describindo como pesca costeira artesanal a desenvolvida por buques inferiores a doce metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Por tanto, toda a pesca realizada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial. Iso supón importantes prexuízos para este segmento de frota, como por exemplo non poder acceder ás axudas dos GALP con fondos FEMP.

Neste sentido, non se estimaron os argumentos das organizacións representativas do sector para definir a pesca artesanal desde unha perspectiva multiparamétrica que establecería para o recoñecemento da frota que se dedica a esa modalidade a necesidade do cumprimento de, polo menos, tres dos seguintes criterios:

- Eslora das embarcacións inferior a doce metros.
- Distancia do caladoiro: faenar dentro de augas nacionais.
- 24 horas de duración máxima das mareas.
- Utilización de artes de pesca sostibles.
- Máximo de catro tripulantes enrolados e a bordo.

2.- O regulamento actualmente vixente establece que unicamente os buques menores de dez metros de eslora están eximidos de levar un diario de pesca electrónico (DEA) a bordo. Coa modificación aprobada, todos os buques de máis de catro metros deberán notificar desde o barco as súas capturas. A normativa non terá en conta a forma de traballo agrupada que normalmente desenvolven as embarcacións de artes menores que operan en Galicia, principalmente as de marisqueo ou de recursos específicos, nin tampouco as especiais condicións climatolóxicas que predominan na costa galega.

3.- A nova normativa incide na implantación de cámaras “voluntarias” a bordo dos buques de máis de doce metros de eslora, salvo para infractores, e entendéndose que dita “voluntariedade” será “premiada” con maior cota nas posibilidades de pesca. Este aspecto é considerado innecesario para a frota de artes menores tendo en conta o escaso número de especies sometidas a TAC’s e cotas e capturadas pola frota artesanal galega, e tamén ao insignificante reparto de especies por buque.

En base a estas cuestións, a Confraría de Pescadores de Caión trasladou ao Concello da Laracha que a modificación do Regulamento de Control da Pesca en augas da UE é totalmente inaxeitada e inxusta para a frota galega de pesca artesanal, polo que o Pleno acorda:

1. Esixir a retirada da proposta de modificación do Regulamento de Control da Pesca (CE) Nº. 1224/2009 do Consello e aprobada por maioría dos eurodiputados do Parlamento Europeo, en canto vai en prexuízo dos intereses da frota de pesca artesanal e do marisqueo de Galicia, e ante a imposibilidade do seu cumprimento.
2. Esixir unha definición europea clara e real do concepto de pesca artesanal baseada nunha definición multicriterio.
3. Requirir un tratamento distinto e diferenciado da frota de pesca costeira artesanal respecto ás frotas industriais e/ou semiindustriais, recomendándose para iso ás autoridades comunitarias un coñecemento real das características estruturais dos buques de artes menores, das zonas de pesca de desenvolvemento da actividade e da selectividade das artes e aparellos de pesca empregados.

A Laracha, 26 de marzo de 2021

Asinado por:

Grupo Municipal do Partido Popular (PP).

Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE).

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG).